

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xov. 20 outubro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

XEMAS PRECIOSAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Helena Sousa Estévez, acordeón

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Joana Carneiro



PROGRAMA

I

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sinfonía 1 op. 21 en Do maior

Adagio molto - Allegro con brio

Andante cantabile con moto

Menuetto: Allegro molto e vivace

Finale: Adagio - Allegro molto e vivace

RICHARD GALLIANO (1950-)

Concerto para acordeón e cordas Opale

II

ASTOR PIAZZOLLA (1921-1992)

Anxiety, de Five Tangos Sensations

IGOR STRAVINSKY (1882-1971)

Suite Pulcinella

Sinfonia

Serenata

Scherzino

Tarantella

Toccata

Gavotta con due variazioni


Vivo

Minuetto

Finale

Duración aproximada do concerto: 90 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Directora

Joana Carneiro

Acordeón

Helena Sousa Estévez

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de
concertino)
Ildikó Oltai **
Ilya Fisher
Yulia
Petrushevskaya
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Irina Gruia

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Gustavo Barcia (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Manuel Veiga *
Laura Jiménez (R)

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

TROMBÓN

Arturo Centelles

* principal | ** coprincipal | (R) reforzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

JOANA CARNEIRO DIRECTORA

A aclamada directora portuguesa Joana Carneiro é a principal directora convidada da RFG. É ademais a directora artística do Estágio Gulbenkian para Orquestra desde 2013 e foi directora principal da Orquestra Sinfónica Portuguesa no Teatro São Carlos de Lisboa desde 2014 ata xaneiro de 2022. De 2009 a 2018 foi directora musical da Sinfónica de Berkeley, sucedendo a Kent Nagano como a terceira directora musical nos 40 anos de historia da orquestra. De 2006 a 2018 foi directora convidada da Orquestra Gulbenkian.

Compromisos recentes e futuros inclúen actuacións coa Sinfónica da BBC, Philharmonia, Sinfónica de Gotemburgo, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Real Filharmónica de Estocolmo (a quen dirixiu na cerimonia do Premio Nobel en 2017), Sinfónica da Radio Sueca, Orquestra de Cámara Escocesa, Orquestra do Centro Nacional das Artes de Ottawa e a Sinfónica Escocesa da BBC.

Ten dirixido a Real Filharmónica de Liverpool, Royal Philharmonic Orchestra, Filharmónica de Radio Francia, Ensemble Orchestral de París,

Orquestra de Bretaña, Sinfónica de Norrköping, Orquestra de Norrlands, Orquestra da Residencia da Haia, Filharmonía de Praga, Sinfónica de Malmö, Orquestra Nacional de España e a Sinfónica do Teatro La Fenice na Bienal de Venecia; así como a Filharmónica de Hong Kong, Orquestra de Cámara de Macao e a Orquestra de Beijing no Festival Internacional de Música de Macao. En América dirixiu a Filharmónica de Los Ángeles, Sinfónica de Toronto, Orquestra de Cámara de St. Paul, Sinfónica de Detroit, Sinfónica de Colorado, Sinfónica de Indianápolis, Orquestra de Cámara de Los Ángeles, Sinfónica del Nuevo Mundo e a Sinfónica do Estado de São Paulo.

En ópera, proxectos recentes inclúen *Nixon na China* (Ópera Escocesa, produción nomeada aos Premios da Royal Philharmonic Society), *Castelo de Barba Azul / Voix Humaine, Rake's Progress* (Teatro Nacional de São Carlos, Lisboa), *Carmen* (Real Ópera de Estocolmo), *Wonderful Town* (Real Ópera Danesa), *O evanxeo segundo a outra María* (Ópera Nacional Inglesa, estrea mundial da produción escénica de Peter Sellars), *A paixón de Simón* (Festival Ojai),

Edipo Rei (Sidney, Premio Helpmann de Australia ao Mellor Concerto da Orquestra Sinfónica) e *A Flowering Tree* (Viena, París, Chicago, Cincinnati, Gotemburgo, Lisboa).

En 2010 dirixiu postas en escena de Peter Sellars de *Edipo Rei* e a *Sinfonía dos Salmos* de Stravinski no Festival de Sidney, que gañou o Premio Helpmann de Australia ao Mellor Concerto de Orquestra Sinfónica. Dirixiu un proxecto vencellado ao Festival de Nova Zelandia en 2011 e, como resultado, foi convidada a traballar coas Orquestras Sinfónicas de Sidney e Nova Zelandia.

En 2002 foi finalista do prestixioso concurso de directores Maazel-Vilar no Carnegie Hall. En 2003-2004 traballou cos mestres Kurt Masur e Christoph von Dohnanyi e dirixiu a Filharmónica de Londres como un dos tres directores elixidos para a Academia Internacional de Directores da Fundación Cultural Allianz de Londres. De 2002 a 2005 foi Directora Asistente da Orquestra de Cámara de Los Ángeles e Directora Musical da Orquestra da Fundación Xoves Músicos de Los Ángeles. De 2005 a 2008 foi

membro da American Symphony Orchestra League na Filharmónica de Los Ángeles, onde traballou con Esa-Pekka Salonen e dirixiu varias actuacións no Walt Disney Concert Hall e no Hollywood Bowl.

Natural de Lisboa, comezou a súa formación musical como viola antes de recibir o seu título de directora da Academia Nacional Superior de Orquestra en Lisboa, onde estudou con Jean-Marc Burfin. Recibiu a súa mestría en dirección de orquestra da Northwestern University como alumna de Victor Yampolsky e Mallory Thompson. Realizou estudos de doutoramento na Universidade de Michigan, onde se formou con Kenneth Kiesler. Ten participado en clases maxistras con Gustav Meier, Michael Tilson Thomas, Larry Rachleff, Jean Sebastian Bereau, Roberto Benzi e Pascal Rophe.

En 2010 recibiu o Premio Helen M. Thompson, outorgado pola League of American Orchestras e que recoñece a prometedores directores. En 2004 foi condecorada polo presidente da República Portuguesa coa Encomenda da Orde do Infante Don Henrique.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

HELENA SOUSA ESTÉVEZ ACORDEÓN

Helena Sousa Estévez (Ourense, 1993) é unha acordeonista profesional que abarca varios estilos de música. Especializada no mundo da música clásica contemporánea, ten un gran interese na colaboración continua con compositores a nivel solista ou en ensembles ou orquestras.

Formando parte de diferentes proxectos e festivais internacionais como *Codarts Composers Festival 2018, 2019 e 2022* (Rotterdam, Países Baixos), *MIHL Sons-XXI 2022* (Lugo), *Proxecto Tremor 2022* (Aveiro, Portugal), *Festival Cineuropa Compostela 2021* (Santiago de Compostela), *Xornadas de Música Contemporánea 2021* (Santiago de Compostela), *Festival Musica 2017, 2020 e 2021* (Strasbourg, Francia e Kehl, Alemaña), *Festival de l'Épau 2020* (Le Mans, Francia), *Arsmondo Festival 2019* (Strasbourg, Francia), *Thy Chamber Music Festival 2019* (Thy, Dinamarca) *IMPULS Festival 2019* (Halle, Magdeburg e Leipzig, Alemaña) ou *North Sea Round Town 2018* (Rotterdam, Países Baixos), Helena realiza numerosas estreas e colabora con ensembles ou

orquestras como a *Real Filharmonía de Galicia*, *Vertixe Sonora*, *Doelen Ensemble*, *Ensemble Linea*, *Inner Duo* ou *Ensemble Intercolor* baixo a dirección de Timothy Brock, Arie van Beek, Jean-Philippe Wurtz, Natalia Salinas, Roberto Beltrán-Zavala ou Sander Teepen.

Dende o comezo da súa carreira, esta acordeonista participou en numerosas competicións nacionais e internacionais, destacando: o *Certamen Nacional de Acordeón* (Ourense), ganando o primeiro premio nunha das categorías do concurso entre os anos 2005 e 2010 e permitíndolle así representar a España no *Trophée Mondial de l'Accordéon* en Francia (2005), Serbia (2006), Bosnia e Herzegovina (2007), Portugal (2009) e España (2010); *Torneo Internazionale di Musica* (Verona, Italia, 2010 e París, Francia, 2012); *Arrasate Hiria International Accordion Competition* (Arrasate, 2014) e *Juventudes Musicales* (Torroella de Montgrí, 2014 e Tui, 2016) onde quedou finalista.

2022

Helena inicia os seus estudos musicais en Galicia facendo os primeiros anos de carreira entre os Conservatorios de Ourense e Vigo. Posteriormente en 2015, acada o Título Superior de Música en Musikene - Centro Superior de Música do País Vasco (San Sebastián) e en 2017 un Master de Música na Haute École des Arts du Rhin (Estrasburgo, Francia).

Sendo membro actual de diferentes ensembles, Helena combina a súa actividade como intérprete coa docencia musical. Entre os proxectos realizados destaca a comisión e estrea da redución para piano e acordeón do *Concierto para Acordeón y Orquesta* (2004/2019) do compositor Jesús Torres, obra gravada co pianista Daniel Leiro Castro en 2020 en Estudios Mans (A Coruña) grazas ao apoio financeiro da HEAR - Haute École des Arts du Rhin, e estreada en 2021 en Países Baixos grazas á fundación *Droom en Daad*.

Helena reside actualmente en Rotterdam, Países Baixos.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


Cando aos trinta anos, Beethoven rematou a *Primeira Sinfonía* xa tiña no seu catálogo dez sonatas, dous concertos para piano e seis cuartetos de corda nos que, aínda mantendo a estética do Clasicismo e asumindo totalmente os achados de Haydn e Mozart, avanzara categoricamente na configuración dunha linguaxe que lle faría sentar os fundamentos de xeito diferente e revolucionario. Para moitos expertos, estableceu as bases para enfrontarse á música, nunha evolución que o levaría cara ás portas do Romanticismo e, incluso -nos últimos anos da súa vida- máis lonxe. A estrea da *Sinfonía núm 1*, na Viena do ano 1800, conmocionou ao público do Burgtheater; a uns porque lles parecía moi semellante á *Sinfonía Xúpiter* de Mozart, a outros por encontrala estraña na orquestración con excesivas modulacións e raros contrastes e para o resto, por tomala como un ousado desafío a Haydn, o máis importante compositor vivo na capital austriaca. Hoxe, sería considerada decidida e desbordante de vitalidade, cunha ambición orquestral que non

lle impide que as ideas estean expresadas cunha enerxía que, dalgunha maneira, anticipa a contundente manifestación espiritual característica de sinfonías posteriores. Os seus catro movementos comezan cun *Adagio molto* que tras unha lenta introdución desenvolve a forma sonata onde o tema vai asomando nos primeiros. O *Andante cantabile con moto*, proporciona un tema sinxelo, que permanece durante todo o movemento. Trompetas e timbais engaden unha delicada coloración. Beethoven titula o seu terceiro movemento *Menuetto* que está lonxe da esperada danza cortesá; a música desenvólvese nun certo *scherzo*: animado, enérxico e implacable, un primeiro pásoo cara aos grandes *scherzos* das sinfonía impares e unha das mostras dos cambios desde o clasicismo que o musicólogo e produtor estadounidense Maynard Solomon explica así “Aínda que marcado como un *menuetto*, a música non era impresionante, equilibrada ou bailable. Era rápida, marcada como *molto* e vivaz para fomentar un ritmo rápido [...] En xeral, este

movemento foi un adecuado adeus ao século XVIII". O *Finale* comeza lento, a continuación unha forma sonata expresiva, con chispa cinguida ao modelo formal dos finais das sinfonías de Londres de Haydn. Como no primeiro movemento, aínda que máis sutilmente, ao concluír a sinfonía parece impoñerse un modo marcial propio da época rebelde sobre o ánimo ousado e radiante que mantén ata o final.

O compositor musical e acordeonista franco-italiano Richard Galliano comezou tocando o piano e o acordeón co seu pai, ampliando os seus estudos con Claude Noël, quen o introduciu no mundo do jazz e máis tarde no Conservatorio de Niza estudando contrapunto, harmonía e trombón. Galliano é un músico vital na escena europea movéndose, con facilidade estilística, entre formacións clásicas e grupos de jazz. Como intérprete, sitúa o acordeón como Astor Piazzolla fixo con bandoneón, levando o instrumento e os seus contextos a novas e enriquecedoras posibilidades. Precisamente, en 1983, comeza unha gran amizade

entre Galliano e Piazzolla cando este invitou ao acordeonista como solista nun traballo inspirado no shakesperiano *Sóño dunha noite de verán* con música orixinal do arxentino e escenografía de Jorge Lavelli. Esta relación con Piazzolla e súas colaboracións con artistas como Juliette Gréco, Charles Aznavour e músicos de jazz de primeira fila, desde Ron Carter e Chet Baker ata Jan Garbarek e Wynton Marsalis, dan idea da súa versatilidade compositiva e interpretativa. O seu piazzollaniano *Concerto Opale* para acordeón e orquestra de cordas data de 1994 e está repleto de ritmos axitados e intensidade nas cordas, música de furiosa enerxía que nalgunhas pasaxes soan a inspiración balcánica-mediterránea, evocando sonoridades de órgano. O tempo lento ofrece unha narración sinxela, con dous temas abertamente románticos case nostálgicos, de beleza cinematográfica, e impregnados do espírito do continente suramericano. O colorido medra e mantén un sutil equilibrio entre o acordeón solista e as cordas



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

orquestrais. O final é un tema apaixonado e festivo, que se frea para un melancólico segundo tema con ecos do movemento lento, misterioso e cálido.


Desde Nova York, Astor Piazzolla regresou con frecuencia á súa Arxentina natal onde traballou con Aníbal Troilo e estuda composición con Alberto Ginastera e, en París, con Nadia Boulanger quen o anima a traballar nos seus coñecementos da súa música de raigaña popular. Seguindo o consello da súa mestra, fundou o Octeto Buenos Aires e o Quinteto Nuevo Tango para interpretar as súas composicións afastadas do estiloailable, revolucionando o tango dotándoo dunha linguaxe propia con arranxos camerísticos e harmonías máis arriscadas coa fin de levalo ás salas de concertos. Estes parámetros de cambio, foron recibidos con certa resistencia polos tanguistas máis tradicionais e non foi ata finais dos anos oitenta cando comezou a ser recoñecido como o renovador do xénero por incluír nas súas partituras texturas contrapuntísticas, extremos cromatismos e disonancias

mesturadas con elementos de jazz e unha expansiva instrumentación. Sen embargo, Piazzolla xa ocupaba un lugar relevante no panorama musical internacional, actuando como solista de bandoneón e escribindo pezas como o *Concierto para bandoneón y orquesta* (1979) e *Le Grand Tango* (1982) para chelo e piano dedicada a Mstislav Rostropovich. Durante unha xira por Estados Unidos en 1987, Piazzolla coñece ao Cuarteto Kronos en Nova York e, nuns poucos días, escribelle unha breve composición, *Four to Tango*. O ecléctico Cuarteto encargoulle outra obra que, finalmente, non chegou a realizar pero que inspirou ao compositor para reescribir unha peza anterior para bandoneón e cuarteto de cordas converténdose nestas *Five Tango Sensations*. A partitura é unha suite escrita en 1989 e estreada polo Cuarteto e el mesmo, sendo a última gravación de estudio do arxentino. *Five Tango Sensations* son cinco pequenas pezas que representan diferentes accións, emocións ou sensacións: *Durmir, Amar, Ansiedade, Espertar e Medo* protagonizadas polo bandoneón como responsable da liña melódica

sobre, por veces, un enleado acompañamento das cordas.

O impacto da produción de Igor Stravinski sobre a música clásica occidental resultou claro tras a estrea do ballet *A consagración da primavera* e creceu co século. Foi capaz de desbaratar a harmonía diatónica de xeito controlado pero resultou difícil de analizar. Stravinski introduce na música novos modos, tomados do folclore ruso, da música relixiosa ou o modo da alternancia maior e menor e intervalos de segunda derivados de Rimski-Korsakov do que foi alumno predilecto. A súa revolución harmónica está acompañada da súa revolución rítmica e o tempo das súas creacións non continúa coas regras da maioría da música occidental, os cambios na harmonía e no ritmo están acompañados por cambios na forma: a súa música non se move con intención cara a unha resolución. A produción musical de pode dividirse en tres períodos, o primeiro deles, chamado ruso - impresionista está conformado polas súas tres obras para ballet: *O paxaro de lume*, *Petroushka* e *A*

consagración da primavera, todas elas encargadas pola prestixiosa Compañía de Ballets Rusos con claras influencias da escola rusa e do folclore do seu país. Escribe para gran orquestra, marcando claramente a citada revolución da linguaxe musical, abandona o concepto de tonalidade tradicional, utiliza libremente a disonancia, xoga cos ritmos irregulares e os cambios de acentuación, explotando ao máximo os recursos de cada instrumento. A idea orixinal de *Petrouschka* tivo lugar cando o compositor se preparaba para iniciar *A consagración da primavera*, para relaxarse, pensou escribir unha peza para piano e orquestra, formación que encheu de frescura o discurso sonoro, renovou a paleta tímbrica mostrando unha infinita inventiva da que xorden as ideas musicais, en definitiva, amosa a personalidade dun compositor no primeiro tramo da súa carreira. En 1911 adaptou a partitura a un ballet cuxo personaxe central sería *Petrouschka*, pulchinel do teatro de monicreques ruso.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 27 outubro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

POEMAS E CANCIÓNS

CICLO DE LIED

Maximilian Schmitt, tenor

Gerold Huber, piano

- Robert Schumann: Der arme Peter op. 53. No. 3
- Robert Schumann: Dichterliebe op. 48
- Robert Schumann: Dein Angesicht op. 127 No. 2
- Clara Schumann: Ich stand in dunklen Träumen op. 13 No. 1
- Robert Schumann: Lehn Deine Wang op. 142 No. 2
- Clara Schumann: Sie liebten sich beide
- Robert Schumann: Was will die einsame Träne op. 25 No. 21
- Clara Schumann: Loreley
- Robert Schumann: Liederkreis op. 24

Sala Mozart 19:00 h

Conversando con... Luis Gago

Xoves 3 novembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

AUGA SALGADA

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

Jaime Naya, violín

- Xabier de Paz: Tra l'acqua salata*
 - Piotr Ilyich Chaikovski: Concerto para violín en Re maior, op. 35, TH 59
 - Ludwig van Beethoven: Sinfonía nº 2 en Re Maior, op. 36
- * Estrea absoluta

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Maximino Zumalave

C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCEJO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA